

A FORTALEZA DO MERCADO LABORAL DEBE IMPLICAR UNHA MELLORA NAS CONDICIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

UGT-Galicia reclama adaptar o réxime de despedimento aos estándares da Carta Social Europea, un incremento salarial do 4% ata 2028 e estender a cobertura das cláusulas de garantía salarial

Redacción.- Os datos de paro rexistrado e afiliación á Seguridade Social correspondentes a xuño, publicados este xoves, consolidan a positiva evolución do mercado laboral, cun importante aumento do emprego e un descenso do paro rexistrado. Aínda que estas cifras están condicionadas polo patrón estacional característico deste mes, marcado polo impulso da contratación asociado ao comezo da tempada estival, convén destacar que, máis aló do compoñente estacional, os datos de afiliación sitúan a este xuño cun máximo histórico.

A afiliación á Seguridade Social crece en 11.166 persoas, ata alcanzar un total de 1.123.034, unha nova marca histórica. En comparanza con hai un ano, o número de persoas ocupadas aumenta en 20.383, situando a taxa de crecemento do emprego no 1,9%. Trátase dun dato especialmente positivo, que reforza a fortaleza do mercado laboral e a capacidade da economía para seguir xerando emprego. Pola súa banda, o paro rexistrado descende en 3.587 persoas.

Durante este mes formalizáronse un total de 81.340 contratos, dos cales 23.984 corresponden a contratos indefinidos, o que supón o 29,49% do total, 20,87 puntos máis que en xuño de 2021, previo á entrada en vigor da reforma laboral.

No que respecta á temporalidade da afiliación, en xuño situouse no 14,65%, 14 puntos inferior ao rexistrado no mesmo mes de 2021, antes da reforma laboral, confirmando o impacto positivo na redución da temporalidade, un dos problemas históricos do mercado de traballo español.

Destaca o positivo comportamento da afiliación de persoas estranxeiras

Hai que destacar tamén o positivo comportamento da afiliación de persoas

estranxeiras, que creceron no mes de maio (último dato dispoñible en Galicia) en 12.429 con respecto ao mesmo mes do ano anterior, o que supón máis do 72% do aumento anual, e que reflicte o positivo impacto do proceso de regularización, cuxo prazo legal terminou onte. Se no conxunto da cidadanía o incremento no ano en maio da afiliación foi de 17.601 (+1,6%), na poboación estranxeira o aumento é de 12.429 (+17.13%).

Con iso, as persoas traballadoras estranxeiras supoñen xa en Galicia 85.000, o 7,6% (6,6% en maio de 2025) do conxunto de persoas ocupadas afiliadas, un favorable comportamento que non só permite impulsar a actividade e o emprego, senón elevar os ingresos tributarios e por cotizacións do noso país e, con iso, garantir a sustentabilidade do noso estado de benestar.

Con todo, a evolución favorable do emprego en xuño resulta coherente cos datos máis recentes da Contabilidade Nacional, que confirman o dinamismo da economía española. Nun contexto internacional marcado pola incerteza xeopolítica e a desaceleración de boa parte das economías europeas, España continúa situándose entre os países que lideran o crecemento e a creación de emprego na Unión Europea. Un comportamento que, ademais, está a producirse de forma compatible co fortalecemento dos dereitos laborais e sociais impulsado nos últimos anos, demostrando que a mellora das condicións de traballo non só non constitúe un obstáculo para o crecemento, senón que contribúe a facelo máis sólido, equilibrado e sostible.

Non obstante, a evolución favorable do emprego non debe facer perder de vista que persiste un importante número



de persoas en situación de desemprego de longa duración, para quen a reincorporación ao mercado de traballo resulta especialmente difícil. Esta realidade fai imprescindible reforzar e modernizar as políticas activas de emprego, mellorando os servizos de orientación, formación e intermediación laboral para ofrecer respostas adaptadas ás necesidades de cada persoa. Só así será posible que o actual dinamismo do mercado de traballo alcance tamén a quen afronta maiores obstáculos para acceder a un emprego.

Precisamente, nun contexto de fortaleza do mercado de traballo, resulta necesario abordar as reformas que seguen pendentes para mellorar a protección das persoas traballadoras. Entre elas, destaca a adaptación do réxime de despedimento aos estándares da Carta Social Europea, tal e como reiteraron as institucións europeas, garantindo indemnizacións verdadeiramente reparadoras e cun efecto disuasorio fronte aos despedimentos improcedentes. Avanzar nesta dirección permitiría seguir mellorando a calidade do emprego e reforzar os dereitos laborais sen poñer en risco o dinamismo do mercado de traballo.

En definitiva, a fortaleza do mercado de traballo debe traducirse tamén nunha mellora efectiva das condicións de vida das persoas traballadoras. Para iso, o próximo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva debe incorporar unha referencia mínima de incremento salarial

do 4% anual para o período 2026-2028, complementada con incrementos adicionais do 1%, 2% e 3% en función da diferenza existente entre o salario medio do convenio e o salario medio do país.

Así mesmo, resulta necesario estender a cobertura das cláusulas de garantía salarial e asegurar a efectividade dos incrementos pactados, evitando o recurso a mecanismos de absorción e compensación que reduzan o seu impacto real sobre os salarios. Xunto a iso, é imprescindible continuar elevando o Salario Mínimo Interprofesional para reforzar a protección das persoas traballadoras con menores ingresos. Todo iso cobra aínda maior importancia nun contexto no que o elevado custo da vivenda absorbe unha parte crecente das melloras salariais e limita a súa capacidade para mellorar as condicións de vida da poboación traballadora.

Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fixeron públicos o xoves, en Galicia o desemprego baixou en 3.587 persoas con respecto ao mes anterior (3,28%) e no Estado esta cifra tamén baixou, un 1,24%. O mesmo sucedeu no ano, o desemprego diminuíu, en 1.486 persoas, un 1,39% menos, aínda que dun xeito moito menos incisivo que no resto do Estado, onde a baixada foi do 4,74%. Así, o número total de desempregados sitúase nesta Comunidade en 105.768 persoas.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades en canto ao mes pero non no ano, xa que,

neste caso, o paro subiu. Así, en relación ao mes anterior, o desemprego baixou entre os menores de 25 anos nun 6,40% e no ano este aumentou nun 10,90%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 4% entre os homes e no caso das mulleres nun 2,77%. No ano baixou o desemprego en ambos casos, o 1,11% entre os homes e o 1,58% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,86% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 62.254 mulleres, fronte a 43.514 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes diminúe en todos, salvo entre o colectivo de sen emprego anterior. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 5,28%; no 2,92% na industria; no 3,03% no sector da construción; o 4,16% no sector servizos; e medra o 3,23% entre o colectivo de sen emprego anterior. No ano sucede o mesmo baixa en todos, excepto no grupo de sen emprego anterior. Así, diminúe un 5,07% no primario; o 3,03% na industria; o 8,56 na construción; o 1,96% nos servizos; e sube o 10,73% entre as persoas que non teñen un emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén baixa no mes en todas as provincias, nun 3% na Coruña, 4,69% en Lugo, 3,38% en Ourense e un 3,16% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 0,83% na Coruña e do 3,21% en Pontevedra. Pola contra, sube no 1,54% en Lugo e o 0,26% en Ourense.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 29,49%, aínda que

distante do 41,46% estatal. Realizáronse en xuño un total de 81.340 contratos en Galicia, un 38,30% máis que no mes anterior e tamén un 12,03% máis que no mesmo mes do ano anterior. No mes de xuño de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,62%. É dicir, estase 20,87 puntos por enriba.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 66,9%, e no sector primario, do 62,2%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 27,7%, e na industria, do 24,5%.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.123.034 de media mensual, subindo o 1% no mes e aumentando un 1,85% no ano. Rexistrándose así un máximo nun mes de xuño de afiliación á Seguridade Social e tamén un máximo histórico en Galicia

Por outra banda, a temporalidade da afiliación da Seguridade Social sitúase no 14,65% en Galicia, fronte ao dato estatal do 12,33%. En xuño de 2021 esta porcentaxe era do 28,64%, o que ratifica os bos resultados da reforma laboral.

Protección por desemprego

Finalmente, a cobertura de protección por desemprego foi en Galicia no mes de maio do 79,03%, con 37.173 prestacións contributivas; 40.671 subsidios; e 41 rendas activas de inserción. Tan só o 47,7% son prestacións contributivas, o que fai alertar das dificultades que poden ter moitos fogares para chegar a fin de mes pola baixa contía das prestacións non contributivas.

Participación galega de UGT na Academia europea de renovación sindical en Praga

Redacción.- Esta semana celebrouse en Praga a Academia europea de renovación sindical, organizada polo Comité de mozos e mozas da CES. E, nestas xornadas, que trancurriron entre os días 30 de xuño e 2 de xullo, participou a delegada de FeSMC UGT Pontevedra Jesica Fernández, traballadora da Ilunion en Stellantis,, xunto con outros representantes sindicais procedentes de distintos países europeos.

O obxectivo deste encontro foi fortalecer o sindicalismo, traballar polo emprego de calidade e dar resposta á precariedade que sofren as persoas máis mozas no eido laboral.

Así, reclamouse á Comisión Europea que a futura Quality Jobs Act inclúa medidas de transición xusta e o dereito efectivo á formación continua para protexer o emprego industrial e evitar a súa destrución. Por outra banda, rexeitouse a "EUInc", xa que esta proposta favorece o dumping social, debilita os convenios colectivos e reduce as garantías das persoas traballadoras.

Os asistentes coincidiron en demandar un novo programa europeo de investimen-

tos que impulse a actividade económica, fortaleza a industria e xere emprego de calidade.

Estas xornadas tamén puxeron o foco na renovación xeracional do sindicalismo.



ACORDO NO METAL DA CORUÑA E DESCONVOCATORIA DE FOLGA

UGT FICA valora a acordo, tras semanas de intensas negociacións e o apoio dos traballadores e traballadoras do sector con seguimentos masivos de todas as convocatorias de folga

Redacción.- Tras varias xornadas de folga e mobilizacións nas que os traballadores e traballadoras do sector do metal da provincia da Coruña implicáronse masivamente e despois de semanas de intensas negociacións entre os sindicatos e a patronal, chegou, tras a cuarta reunión de mediación do AGA o luns 29, o preacordo para o novo convenio colectivo.

Preacordo que foi respaldado polas asembleas de traballadores e traballadoras do metal da provincia da Coruña. O que levou á desconvocatoria das xornadas de folga programadas de cara a finais do mes de xuño e comezos de xullo.

Así, o novo convenio terá unha vixencia de catro anos, dende 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2029.

Os incrementos salariais serán do 5% para este ano; 3% para o 2027 e 2028; e o 4% para o 2029.

A isto súmaselle a revisión do IPC sen tope e elimínase a cláusula de revisión por cruce do IPC que operaba. Ademais, hai que aclarar que a revisión terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2026, xerándose, polo tanto, os atrasos correspondentes.

En canto á xornada, prevese unha redución paulatina. No 2026 fíxase en 1.752 horas; en 1.744 para o 2027 e 2028; e xa no 2029 en 1.740. Ademais, os días 24 e 31 de decembro terán a consideración de non laborables, agás servizos excepcionais.

As vacacións a partir do ano 2027 serán de 25 días hábiles e se a empresa obriga a collelas fóra do período previsto terá que aboar 120 euros.

O texto acordado recolle outras melloras como unha garantía de 6 meses de traballo para o persoal fixo-descontínuo; melloras na regulamentación dos chamamentos; as empresas deberán manter un cadro de persoal fixo mínimo do 75%; impúlsase a contratación indefinida e régúlase o uso das ETT; regulación dos desprazamentos e do tempo efectivo de traballo; melloras nas indemnizacións dos contratos temporais; actualización dos importes en dietas e desprazamentos; e melloras na regulación dos permisos e licenzas.



Dende UGT FICA valórase este acordo que ten detrás moitas horas de traballo sindical e un gran esforzo e compromiso por parte dos traballadores e traballadoras do sector, sen os cales este novo convenio non sería posible.

O COMERCIO DO METAL DE PONTEVEDRA CHEGA A UN ACORDO COA PATRONAL, O QUE PON FIN AO CALENDARIO DE MOBILIZACIÓNS

Redacción.- O sector do metal de Pontevedra chega a un acordo, avalado pola asemblea de traballadores e traballadoras, que pon fin a un amplo calendario de mobilizacións e xornadas de folga, cun amplo seguimento por parte dos traballadores e traballadoras.

Así, a suba salarial proposta é dun 2,9% no 2025 e 3% para o 2026, en ambos casos con cláusula de revisión vinculada ao IPC.

Non obstante, dende FeSMC UGT Pontevedra faise fincapé en que existe un compromiso por ambas partes, patronal e sindical, de retomar as negociacións no mes de setembro co obxectivo de seguir avanzando na mellora das condicións laborais do sector de cara ao ano 2027. E, ademais, está prevista unha nova xuntanza o vindeiro martes, día 7 de xullo.

Dende FeSMC UGT Pontevedra



aclárase que este é un primeiro paso para a mellora das condicións salariais e sociais dos traballadores e traballadoras do sector do comercio do metal

da provincia pero que aínda queda por facer e o Sindicato amosa o seu compromiso para seguir traballando nesta liña.

O PERSOAL DO SAF DE SANTIAGO MOBILÍZASE POLO IMPAGO DA PAGA EXTRA DE VERÁN

Redacción.- O Comité de Empresa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Santiago convocou unha concentración-vixilia o pasado luns, entre as 7 e as 22 horas diante do Concello de Santiago para denunciar o impago da paga extraordinaria de verán por parte da UTE SIAD24-ASISTENZIA, concesionaria do servizo.

A pesar de que o persoal continúa prestando o servizo con total profesionalidade e garantindo a atención ás persoas usuarias, a empresa incumpe unha das súas obrigas máis básicas: pagar en tempo e forma os salarios das súas traballadoras e traballadores.

A decisión da empresa supón un grave prexuízo económico para a plantilla e xera unha situación de incerteza absolutamente inaceptable nun servizo público esencial.

A urxencia da convocatoria vén motivada pola reunión mantida na tarde do día 25 de xuño entre a dirección da UTE e as delegadas do Comité de Empresa. Nese encontro a empresa non asumiu ningún compromiso respecto ao aboamento da paga extraordinaria, limitándose a propoñer novas reunións sen ofrecer solucións concretas nin garantir o cumprimento das súas obrigas salariais.

O Comité de Empresa considera intollerable que quen sostén diariamente un servizo público esencial teña que soportar

atrasos e incertezas salariais mentres a empresa alega problemas económicos. Os dereitos laborais non poden depender da situación financeira dunha empresa concesionaria.

As representantes do persoal tamén reclaman ao Concello de Santiago que deixe de mirar para outro lado e asuma as súas responsabilidades como titular do servizo. O Servizo de Axuda no Fogar forma parte dos servizos públicos municipais e, polo tanto, a Administración local non pode permanecer aliea a un conflito que afecta tanto ás condicións laborais das traballadoras como á estabilidade do propio servizo.

O Comité de Empresa considera que esta situación volve poñer de manifesto as limitacións do modelo de xestión privatizada do SAF e reclama a remunicipalización do servizo como a mellor garantía para evitar que as traballadoras e a cidadanía continúen sufrindo as consecuencias das dificultades económicas das empresas concesionarias.

As traballadoras esixen:

- O pagamento inmediato da paga extraordinaria de verán.
- O cumprimento das obrigas salariais por parte da UTE SIAD24-ASISTENZIA.
- A implicación do Concello de Santiago na resolución do conflito.
- A defensa dun servizo público esencial e dos dereitos das persoas traballadoras.

O Comité de Empresa advirte de que non aceptará que sexan as traballadoras e traballadores quen paguen as consecuencias dunha situación da que non son responsables e non descarta a adopción de novas mobilizacións se non se produce unha solución inmediata.



CINCO DÍAS DE FOLGA EN XULLO NA LAVANDERÍA HOSPITALARIA DE VIGO ANTE O BLOQUEO DO CONVENIO

Redacción.- O cadro de persoal da lavandería hospitalaria de Vigo convoca cinco días de folga, dende as 0 horas do día 6 de xullo ata as 24 horas do día 10, afectando ao Hospital Álvaro Cunqueiro, o Meixoeiro e o Nicolás Peña. Tras meses de negociacións infructuosas e tras un calendario previo de mobilizacións, o Comité de empresa decidiu dar este paso porque a negociación do convenio atópase nunha situación de bloqueo absoluto.

Dende FeSMC UGT Pontevedra tamén apuntan que serán impugnados os servizos mínimos impostos por consideralos abusivos, do 87%, chegando ao 100% nalgún dos departamentos.

O principal escollo que impide o acordo é a negativa da dirección da empresa a

computar a pausa regulamentaria de 20 minutos (o descanso do bocadillo) como tempo efectivo de traballo, unha medida indispensable para lograr unha redución real da xornada e avanzar cara a equiparación co persoal propio do Sergas, tal e como xa ocorre noutras contratas da área sanitaria, como o servizo de limpeza.

Hai que lembrar que o cadro de persoal, preto de 100 persoas, traballa baixo condicións de gran penosidade, soportando ritmos de produción moi intensos, altas temperaturas nas instalacións e a manipulación constante de material biolóxico. Todo elo con salarios que en moitas categorías apenas rozan o SMI e requiren de complementos



para non quedar por dabaixo do umbral legal.

A postura da concesionaria, Elis Manomatic resulta incomprensible, xa que a matriz internacional da concesionaria exhibe unha sólida situación financeira con beneficios globais millonarios e a adxudicación do servizo finánciase con diñeiro público a través dos cánones que a Xunta abona polos servizos non clínicos dos hospitais de Vigo..

O GOBERNO ASUME AS REIVINDICACIÓNS DE SERVIZOS PÚBLICOS QUE POSIBILITAN O ACCESO Á XUBILACIÓN PARCIAL DE PERSOAL LABORAL DAS ADMINISTRACIÓNS

Redacción.- O Consello de Ministros aceptou a proposta exposta por UGT Servizos Públicos para facer posible que o persoal laboral das administracións públicas poida acceder á xubilación parcial anticipada. O sindicato valora positivamente esta medida, á espera de poder analizar o texto definitivo unha vez sexa publicado integramente..

Deste xeito, a persoa que acceda ao posto para relevar ao traballador ou traballadora que se xubile poderá ser contratada con carácter temporal, coa obrigación de que a Administración convoque esa praza na primeira Oferta de Emprego Público que aprobe. A praza manterá o seu carácter fixo, evitando así a perda de emprego público ou a súa precarización.

Así mesmo, esta modalidade de xubilación tamén poderá articularse mediante a vía da Oferta de Emprego Público ordinaria, previa aprobación dun

instrumento de planificación de recursos humanos.

Esta fórmula, reivindicada desde hai tempo por UGT Servizos Públicos, desbloquea definitivamente o acceso á xubilación parcial anticipada do persoal laboral, xa que permitirá ás administracións cubrir as vacantes con maior axilidade, tal e como ocorría antes da entrada en vigor do Real Decreto-lei 11/2024.

Alén de garantir o exercicio deste dereito, esta medida favorecerá unha planificación máis eficiente dos cadros de persoal e contribuirá a unha mellor organización dos servizos públicos, adaptándoos ás necesidades reais da cidadanía, así como á tan necesaria renovación dos cadros de persoal.

UGT Servizos Públicos confía en que o Parlamento validará esta medida. A súa aprobación permitirá que o persoal labo-

ral das administracións públicas poida exercer un dereito recoñecido para o conxunto dos laborais deste país, poñendo fin a unha situación de desigualdade.

O sindicato lembra que aínda queda pendente garantir o acceso á xubilación parcial do persoal funcionario. Esta medida, incluída no anteproxecto de lei de Función Pública da Administración do Estado, continúa pendente da súa aprobación polo Congreso dos Deputados. UGT Servizos Públicos seguirá presionando para que este dereito poida facerse efectivo o máis axiña posible.

En canto ao persoal estatutario, o sindicato reclama ao Goberno que o anteproxecto de lei recolla de forma expresa a posibilidade de acceder tanto á xubilación anticipada mediante coeficientes reductores como á xubilación parcial, en cumprimento do asinado no Acordo sobre o Estatuto Marco.

O ENSINO CONCERTADO GALEGO CONTIÚA COAS SÚAS REIVINDICACIÓNS CON NOVAS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- Despois de varias mobilizacións, e tralo silencio amosado pola Consellería de Educación, as organizacións sindicais do ensino concertado de Galicia fan un novo chamamento ao sector e á comunidade educativa en prol de acadar un marco negociador que poña fin a anos de ostracismo.

A repercusión das últimas caravanas de coches que percorreron as cidades de Vigo e A Coruña o pasado 28 de maio e as concentracións do pasado venres tamén en Vigo, Coruña e Santiago reflicten o malestar e hastío ao que as persoas traballadoras foron con-

denadas hai xa máis de 18 anos, tempo no que a Xunta de Galicia non fixo máis que aplicar recortes nos seus dereitos e condicións laborais, sociais e salariais.

7.000 profesionais

Máis de 7.000 profesionais atópanse desamparados por unha política excluínte de todo proceso negociador que xurda dos seus lexítimos representantes, ata o punto de bloquear calquera posibilidade de acordo aprobando leis ad hoc para xustificar a súa negativa a sentarse para abrir vías de mellora nas súas condicións de traballo.



UGT CELEBRA AS XORNADAS “AMPLIAR DEREITOS. PROTEXER A DIVERSIDADE”

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores e Traballadoras iniciou, un ano máis, as V Xornadas Confederais LGTBI, baixo o lema “Ampliar dereitos. protexer a diversidade”. As xornadas iniciáronse este mércores coa apertura a cargo de Susana Huertas, secretaria xeral de UGT Madrid; Lola Navarro, vicesecretaria xeral de UGT; e Ana Redondo, ministra de Igualdade.

A secretaria xeral de UGT Madrid, Susana Huertas, deu a benvinda a todos os delegados e delegadas “a Madrid, unha cidade diversa, que se recoñece e onde cada día hai que defender a igualdade. Debemos seguir traballando desde o sindicalismo para que a igualdade chegue aos centros de traballo, e UGT é imprescindible para iso”. Pola súa banda, a vicesecretaria xeral de UGT, Lola Navarro, asegurou que UGT leva moitos anos loitando para que “os dereitos das persoas LGTBI sexan recoñecidos. A área LGTBI deste sindicato segue dando unha formación que

está á vangarda do movemento sindical. E todo isto é clave para conseguir ese obxectivo”. A ministra de Igualdade, Ana Redondo, ademais, agradeceu á Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores a constante loita que leva a cabo polos dereitos das persoas traballadoras no seu conxunto.

Tras a apertura, o vicesecretario xeral de Política Sindical, Fernando Luján, expuxo a situación dos plans LGTBI na negociación colectiva sectorial e de empresa. Luján explicou que “antes de aprobarse a lei, UGT negociou o V AENC e nel introducimos un capítulo expreso e separado que falaba da introdución nos convenios colectivos de

protocolos de protección das persoas LGTBI. Desde entón, UGT segue facendo os seus deberes”. Fernando Luján, ademais, asegurou que desde o sindicato “non imos descansar, e seguiremos introducindo todos os elementos posibles na negociación colectiva para mellorar os dereitos das persoas LGTBI”.

Estas xornadas pecharanse ao longo do día de hoxe.



UGT SAÚDA O REXISTRO NO CONGRESO DA LEI PARA A LIBRE SINDICACIÓN DA POLICÍA NACIONAL E AS MELLORAS PARA A GARDA CIVIL

Redacción.- Este martes deuse un paso fundamental para os dereitos laborais no Congreso dos Deputados. O Grupo Plurinacional Sumar rexistrou unha proposición de lei que buscará, no caso de ser aprobada, acabar coas restricións actuais e permitir que os axentes da Policía Nacional poidan afiliarse abertamente a sindicatos xerais e de clase.

Por parte de UGT, a secretaria executiva do sindicato, Cristina Estévez, acudiu ao Congreso para arroupar a presentación desta proposición de lei xunto ao Sindicato Reformista de Policía (SRP) e Gardas Cívís. Desde a nosa organización, lembramos que a liberdade sindical é un dereito democrático fundamental. Uns corpos de seguridade con dereitos laborais plenos e capacidade de negociación colectiva real son a mellor garantía para construír unha sociedade máis xusta e segura para todos.

Algunhas das cuestións fundamentais que aborda a proposición de lei

- Eliminar a prohibición herdada do ano 2015 que impide aos policías nacionais formar parte de organizacións sindicais globais. Cando se aprobe a proposición poderán elixir o sindicato que mellor os represente para defender as súas condicións de vida e de traballo.
- Poderase corrixir unha gran contradición. Actualmente, os corpos autonómicos xa teñen total liberdade para sindicarse libremente, polo que esta norma equipararía por fin á Policía Nacional e á Garda Civil co resto de compañeiros.
- Os axentes poderán realizar accións e protestas de carácter reivindicativo para defender as súas melloras laborais, sempre que se fagan sen o uniforme e non alteren a seguridade cidadá. O dereito á folga xeral segue



estando excluído por razóns de seguridade pública.

- A proposta de lei non se esquece da Garda Civil e inclúe melloras directas no sistema de representación profesional das súas asociacións, facilitando unha maior dedicación e mellores ferramentas para a defensa dos seus membros.

Desde UGT esperamos que esta proposición poida ser referendada proximamente no Congreso dos Deputados/os, dando paso ao recoñecemento dun dereito fundamental aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

UGT PON EN MARCHA UN FONDO PARA REFORZAR A NEGOCIACIÓN COLECTIVA E AS MOBILIZACIÓNS DAS PERSOAS AFILIADAS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e o secretario xeral de CCOO, Unai Sordo, presentaron esta semana en rolda de prensa o fondo Confederado de ambas as organizacións para reforzar as mobilizacións nos procesos de negociación colectiva.

Pepe Álvarez explicou que a creación deste instrumento responde ao momento que atravesamos a negociación colectiva en España, marcada polo bloqueo de numerosas mesas negociadoras e pola paralización da negociación do VI Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC). Neste sentido, advertiu de que a economía española continúa crescendo por encima da media europea e as empresas seguen obtendo beneficios e marxes históricas, mentres que en moitos sectores as negociacións salariais permanecen estancadas.

“As empresas teñen marxe suficiente para mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras. Non é razoable que os beneficios sigan crescendo mentres a negociación colectiva bloqueáase e miles de traballadores e traballadoras continúan esperando melloras salariais”, sinalou.

Pepe Álvarez explicou que UGT e CCOO destinarán dous millóns de euros cada unha, procedentes das cotas das súas persoas afiliadas, para cada ano 2026 e 2027, para apoiar as mobilizacións que se desenvolvan naqueles sectores e empresas onde resulte necesario reforzar a negociación colectiva.

“Queremos axudar ás persoas afiliadas que participan en folgas e mobilizacións para defender os seus dereitos. Este fondo nace para que ninguén teña que renunciar ao conflito por motivos económicos e para que os sectores máis precarizados poidan sosteñer procesos de negociación que permitan mellorar os seus convenios colectivos”, afirmou.

O secretario xeral de UGT subliñou que este instrumento nace da solidariedade das persoas afiliadas e constitúe tamén un recoñecemento a quen, coa súa cota, fan posible cada día a acción sindical.

“Ata o de agora os sindicatos xa destinabamos os nosos recursos á defensa de todos os traballadores e traballadoras. Este Fondo supón dar un paso máis e recoñecer o compromiso de centos de miles de persoas afiliadas que sosteñen as nosas organizacións e fan posible que poidamos apoiar a quen máis o necesita”, explicou o secretario xeral de UGT.

Álvarez quixo deixar claro que o fondo non nace para competir entre organizacións sindicais, senón para fortalecer a negociación colectiva e a unidade de acción entre UGT e CCOO, posto que “o importante é que esta iniciativa se impulsase conxuntamente. Cada organización xestionará o seu propio fondo, pero ambos nacen co mesmo obxectivo: reforzar as mobilizacións, mellorar os convenios colectivos e evitar que a falta de recursos impida defender os dereitos das persoas traballadoras.”

Así mesmo, lembrou que este tipo de instrumentos son habituais en numerosas organizacións sindicais europeas e que o fondo terá inicialmente unha vixencia de dous anos, 2026 e 2027. “Ten un carácter experimental. Irémolo avaliando, mellorando e adaptando ás necesidades da negociación colectiva”, indicou.

O Goberno debe cumprir o asinado

Durante a comparecencia, Pepe Álvarez reclamou ao Goberno de España que cumpra os compromisos adquiridos coas organizacións sindicais e aprobe de xeito inmediato dous regulamentos pendentes que resultan esenciais para mellorar as condicións laborais das persoas traballadoras.

En primeiro lugar, esixiu a aprobación do Regulamento de Rexistro Horario, lembrando que en España seguen realizándose cada semana 2,5 millóns de horas extraordinarias que non se pagan, que non se cotizan e que tampouco contribúen a financiar o sistema público de Seguridade Social. Os líderes sindicais sinalaron que o prazo dado ao Goberno para a promulgación deste Real Decreto expirará o próximo día 31 de xullo.

“Xa esgotamos a paciencia. Levamos demasiado tempo asinando acordos que logo non chegan ao BOE. O rexistro horario ten todos os informes necesarios e unicamente depende dunha decisión do Consello de Ministros. Non pode demorarse nin un día máis”, esixiu durante a súa intervención na rolda de prensa.

Álvarez insistiu en que esta regulación resulta especialmente urxente ante o inicio da campaña de verán, cando aumentan os excesos de xornada en sectores como a hostalería, o comercio ou o turismo.



“Cada hora extraordinaria que non se rexistra é unha hora que non se paga, que non cotiza e que supón un fraude para as persoas traballadoras e para a Seguridade Social”, reivindicou Pepe Álvarez.

O secretario xeral de UGT tamén reclamou a aprobación do Regulamento de Compensación e Absorción, comprometido polo Goberno xunto coa última subida do Salario Mínimo Interprofesional e asinado polo presidente do Goberno.

Álvarez explicou que este regulamento pretende impedir que determinadas empresas neutralicen as subidas do SMI mediante a aplicación de cláusulas de compensación e absorción a pluses que retribúen aspectos particulares da relación laboral, garantindo así que o incremento do salario mínimo trasládese de forma efectiva ás nóminas das persoas traballadoras con menores ingresos.

Tal e como explicou o secretario xeral de UGT, “os acordos asínanse para cumprirse. Se o Goberno mantén a confianza maioritaria da cidadanía e continúa lexitimamente a cargo do país, debe transformar os compromisos adquiridos coas organizacións sindicais en normas publicadas no BOE. O Regulamento de Rexistro Horario e o Regulamento de Compensación e Absorción son dous compromisos pendentes que mellorarán de xeito directo a vida de millóns de traballadores e traballadoras.”

Para concluír, Pepe Álvarez sinalou que o fondo presentado constitúe “unha ferramenta para impulsar a negociación colectiva alí onde máis dificultades existen, reforzar os salarios nos sectores máis precarizados e garantir que ningún traballador ou traballadora deixe de mobilizarse por falta de recursos”.

“Así, UGT dótase dun novo instrumento para seguir mellorando as condicións laborais da xente. Ese é, e seguirá sendo, o sentido da nosa acción sindical”, concluíu.